**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Organización dos traballos no taller de moble e carpintería a medida	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Monta elementos de moblaxe colocando e fixando as súas pezas de acordo coa documentación técnica.	NO

**4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Establecer secuencias para armar mobiliario e os seus elementos. 1.2 Colocar as pezas de forma ordenada para a montaxe. 1.3 Colocar as pezas na posición axeitada para a súa armadura.	1	Explicación da secuenciación para armar mobiliario e os seus elementos.	5,0
2.1 Escoller o espazo axeitado para armar mobles ou elementos de mobiliario 2.2 Traballar en equipo.	2	Explicación de que espazo elixiremos segun a dimensión do moble ou conxunto. Traballo en equipo, disposición.	5,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.2 Trazáronse as secuencias das operacións de montaxe de moblaxe.	• LC.1 - Secuencias nas operacións de montaxe.	S	25
CA2.3 Situáronse as pezas na orde e na posición establecidas para realizar a montaxe.	• LC.2 - Orden e posicións das pezas.	S	25
CA2.4 Seleccionouse o espazo axeitado para a realización da montaxe.	• LC.3 - Espacios para a montaxe.	S	25

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.4 - Traballar en equipo</li> </ul>	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Elección de espazos.  Ensamblaxe: comprobación de pezas e axustes.

**4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicación da secuenciación para armar mobiliario e os seus elementos. - Estableceranse secuencias para armar mobiliario, e disposición de pezas na posición axeitada, para a súa armadura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da secuencia de armado, orden e colocación de piecerío para procesos de montaxe de moblaxe ou elementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención as explicacións para aplicarlas na montaxe de moble ou elementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conseguida a montaxe de conxuntos e ou piecerío aplicando as técnicas axeitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Móstras físicas dos diferentes sistemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Secuencias nas operacións de montaxe.</li> <li>LC.2 - Orden e posicións das pezas.</li> </ul>	5,0
Explicación de que espacio elixiremos segun a dimensión do moble ou conxunto. Traballo en equipo, disposición. - Elección de espazos de armadura segun instalacións ou dimensións do mobiliario. De ser necesario o alumnotraballará en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de cal debe de ser a elección do espazo segun o tipo de moble ou elemento que axa que armar, e como organizarse para traballar en equipo.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Conseguida a montaxe de conxuntos ou piecerío elixindo o espazo axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Zona de montaxe, moble ou elemento de mobiliario a armar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Espacios para a montaxe.</li> <li>LC.4 - Traballar en equipo</li> </ul>	5,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	Mantenemento de máquinas e útiles.	20

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza o mantemento operativo de máquinas convencionais, aplicando procedementos establecidos.	SI

**4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os manuais das máquinas e telos como referencia no mantemento de máquinas convencionais .	1	Mantemento de máquinas convencionais.	10,0
1.2 Identificar as operacións de mantemento en máquinas convencionais.			
1.3 Inicialse no mantemento operativo de máquinas convencionais.			
2.1 Facer o mantemento de máquinas convencionais,(tensamento de correas, cadeas e bandas, e purga de circuitos de aire comprimido, etc.).	2	Mantemento de máquinas convencionais; nocións de orden e limpeza.	10,0
2.2 Facer o cambio de útiles de corte (coitelas, serras, etc.)			
2.3 Facer o mantemento de máquinas, tendo en conta as nocións de orden e limpeza.			
2.4 Facer as tarefas de mantemento en equipo, cando a situación así o requira.			
2.5 Comprobar a calidade dos mantementos feitos. Xerar un histórico de incidentes.			
<b>TOTAL</b>			<b>20</b>

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse as operacións de mantemento operativo en máquinas portátiles e convencionais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Mantemento operativo de máquinas.</li> </ul>	S	15
CA3.2 Realizáronse as operacións de mantemento definidas na maquinaria convencional (tensamento de correas, cadeas e bandas, e purga de circuitos de aire comprimido, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Mantementos na maquinaria convencional.</li> </ul>	S	15
CA3.3 Mantívose a zona de traballo limpa e ordenada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Orden e limpeza</li> </ul>	S	15
CA3.4 Substituíronse as ferramentas de corte non operativas (coitelas, serras, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.4 - Cambio de útiles de corte.</li> </ul>	S	15
CA3.5 Xerouse un histórico de incidencias de máquina e operacións de mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - Incidencias das maquinaria.</li> </ul>	N	10
CA3.6 Comprobouse a calidade dos traballos de mantemento realizados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.6 - Calidade dos traballos</li> </ul>	S	15
CA3.7 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.7 - Traballo en equipo</li> </ul>	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Manuais de mantemento.  Operacións de mantemento.  Mantemento operativo e preventivo.

**4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Mantemento de máquinas convencionais. - Identificaranse as operacións de mantemento en máquinas convencionais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación da importancia dos manuais das máquinas para facer o mantemento e identificar as operacións de mantemento en cada máquina.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Conseguido o mantemento convencional da maquinaria. Explicados os manuais de mantemento. Identificadas as operacións e frecuencias de mantemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Maquinaria do taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Mantemento operativo de máquinas.</li> <li>OU.2 - Mantementos na maquinaria convencional.</li> </ul>	10,0
Mantemento de máquinas convencionais; nocións de orden e limpeza. - Iniciarse no mantemento de máquinas convencionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de cando e como se deben de facer as tarefas de mantemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención as explicacións e aplicar os coñecementos obtidos no mantemento da maquinaria do taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecidas as operacións de mantemento e substitución de elementos de corte e accesorios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Maquinaria convencional, manuais de mantemento e útiles dispoñibles no taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Mantementos na maquinaria convencional.</li> <li>OU.3 - Orden e limpeza</li> <li>OU.4 - Cambio de útiles de corte.</li> <li>OU.5 - Incidencias das maquinaria.</li> <li>OU.6 - Calidade dos traballos</li> <li>OU.7 - Traballo en equipo</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>20,0</b>

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
12	Seguridade no mecanizado na montaxe e medidas de protección ambiental	10

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

**4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer os riscos e o nivel de perigosidade que supón traballar no taller de madeira e moble 1.2 Identificar as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais ferramentas e útiles de corte. 1.3 Relacionar a manipulación de materiais e as operacións de mecanizado coas causas de accidentes	1	Identificar os riscos no taller de madeira	4,0
2.1 Traballar de forma segura cando faga operacións de mecanizado. 2.2 Facer uso dos EPIs axeitados no taller de madeira. 2.3 Traballar coas máquinas respetando as normas de seguridade do taller de madeira. 2.4 Traballar en equipo cando a situación así o requira.	2	Previr riscos nas operacións de mecanizado.	4,0
3.1 Iniciar na identificación de fontes de contaminación no taller de madeira. 3.2 Explicar de como orden e limpeza das instalacións e dos equipamentos interven como o primeiro factor de redución de riscos 3.3 Iniciar na xestión de residuos xerados no taller de madeira ( desperdicios de materiais, utillaxes usados, restos de produtos, etc.	3	Identificación de fontes de contaminación ambiental no taller de madeira.	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.	• OU.1 - Riscos e nivel de perigo na manipulación de materiais.	S	10
CA4.2 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e utensilios.	• OU.2 - Causas de accidentes na manipulación de materiais.	S	10
CA4.3 Relacionáronse coas operacións de mecanizado os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que cumpra empregar.	• OU.3 - Operacións de mecanizado,e os elementos de seguridade.	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.4 - Materiais, máquinas e medidas de seguridade</li> </ul>	S	10
CA4.5 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de mecanizado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.5 - Medidas de seguridade e EPIs.</li> </ul>	S	10
CA4.6 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.6 - Orde e limpeza nas instalacións.</li> </ul>	S	10
CA4.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.7 - Normas de seguridade no mecanizado.</li> </ul>	S	10
CA4.8 Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Fontes de contaminación.</li> </ul>	S	10
CA4.9 Xestionáronse os residuos xerados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Residuos xerados.</li> </ul>	S	10
CA4.10 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Traballo en equipo.</li> </ul>	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.12.e) Contidos**

Contidos
<p>Identificación de riscos.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Prevención de riscos laborais nas operacións de mecanizado.</p> <p>Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas de mecanizado.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p>

**4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Identificar os riscos no taller de madeira - Identificar os riscos e o nivel de perigo que supón a interacción coas máquinas, os materiais, útiles de corte etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación de cales son os riscos no mecanizado.</li> <li>Explicación das: Medidas preventivas. Normas de seguridade. EPIs obligatorios nas operacións de mecanizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención as explicacións e recollida de anotacións e apuntes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificados os riscos das distintas operacións de mecanizado. Coñecidas as medidas preventivas, normas de seguridade e obrigatoriedade de epis</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Documentación escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Riscos e nivel de perigo na manipulación de materiais.</li> <li>OU.2 - Causas de accidentes na manipulación de materiais.</li> <li>OU.3 - Operacións de mecanizado,e os elementos de seguridade.</li> <li>OU.4 - Materiais, máquinas e medidas de seguridade</li> </ul>	4,0
Previr riscos nas operacións de mecanizado. - Riscos no mecanizado. Medidas de seguridade e protección persoal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das medidas preventivas, dirixidas a, eliminar ou minimizar os riscos no mecanizado.</li> <li>Promover o uso de EPIs para eliminar ou minimizar os riscos derivados dos diferentes tipos de mecanizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención as explicacións e aplicar os coñecementos obtidos nas tarefas de mecanizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecidas as medidas preventivas e dispositivos de protección individual orientadas a eliminación ou minimización dos riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Documentación escrita. Maquinaria do taller. EPIS.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Traballo en equipo.</li> <li>OU.4 - Materiais, máquinas e medidas de seguridade</li> <li>OU.5 - Medidas de seguridade e EPIs.</li> <li>OU.7 - Normas de seguridade no mecanizado.</li> </ul>	4,0
Identificación de fontes de contaminación ambiental no taller de madeira. - As fontes de contaminación. Xestión de residuos no taller de madeira.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación das ventaxas, inconvenientes e perigos de cara a aplicar as nocións de orden e limpeza nas operacións de mecanizado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención as explicacións, recollida de anotacións, e uso das normas de orden e limpeza no taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenciados os criterios de orden e limpeza no traballo diario.</li> <li>Conseguida a xestión dos distintos tipos de residuos xerados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os diferentes tipos de residuos derivados das operacións de mecanizado</li> <li>Documentación escrita..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Residuos xerados.</li> <li>OU.6 - Orde e limpeza nas instalacións.</li> <li>PE.1 - Fontes de contaminación.</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función básica de operar en fabricación de moblaxe, aplicando os procesos de mecanizado con máquinas portátiles e convencionais e operacións de montaxe. Esta función abrangue aspectos como os seguintes: Elección dos materiais e a súa xustificación. Asignación de recursos materiais. Elaboración de patróns e interpretación de documentación gráfica. Mecanizado de pezas mediante máquinas portátiles e convencionais. Montaxe de moblaxe interpretando documentación técnica. Mantemento operativo das máquinas portátiles e convencionais.

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva son:

Identificouse o material atendendo as características técnicas según a documentación gráfica, comprobando que o material non teña defectos, de ser o caso, corríxíronse os posibles defectos, comprobouse que as dimensións das pezas se correspondan co solicitado na nota de materiais, e consumíuse o material de acordo a criterios de óptimo aproveitamento, en función das súas dimensións comerciais. Identificouse o risco na manipulación en función do tipo de material.

Recoñeuse e deseñouse os diferentes modelos de patrónaxe, empregados na fabricación de moblaxe, escollendo os materiais máis axeitados, atendendo as características das pezas a mecanizar. Aplicou os principios básicos do debuxo xeométrico e trazou os contornos de patróns con exactitude e precisión. Atendendo as forma e dimensións dos patróns solicitados, según as indicacións da documentación gráfica. Recoñeceu os diversos tipos de máquinas portátiles, atendendo as súas características e regulacións. Seleccionou a ferramenta que compre utilizar, en función da máquina dispoñible e a característica do mecanizado. Realizou mecanizados con ferramenta portátil según características do proxecto.

Regulou e axustou a maquinaria portátil según o requirido nos diferentes mecanizados. Aplicando os principios básicos de hixiene postural, nos mecanizados ou na manipulación e levantamento de cargas ou materiais voluminosos.

Identificáronse os sistemas de unión, e valorouse a súa aplicación según do caso particular. Trazouse a secuencia das operacións de montaxe, situando o peicerio na orde e posición axeitada para a montaxe de mobiliario ou elementos do moble, tívose en conta o espáceo necesario para facer a montaxe de mobiliario, según características. Seleccionouse a ferramenta e maquinaria para a correcta armadura, axustáronse as pezas sen producir distorsións no conxuntos, comprobouse a estrutura e a dimensión do conxunto, e fixéronse as correccións necesarias para que o conxunto este dentro dos parámetros requiridos e as tolerancias necesarias.

Identificáronse accións de mantemento operativo na maquinaria portátil, comprobouse o seu estado e colocáronse útiles de corte, de forma axeitada. Fíxose o mantemento operativo (limpeza, engraxe, cambio de utillaxe). Mantívose a zona de traballo limpa e ordenada.

Estableceuse unha hixiene corporal no emprego de máquinas. Mantívose libre de obstáculos a área de mecanizado valorando os posibles riscos e utilizando os equipos de protección individual axeitados. Identificouse a causa/as, máis frecuentes de accidentes, manipulando materiais máquinas e útiles. Determinouse a medida/as de seguridade e de protección persoal que cumpre adoitar nas execucións das operacións de mecanizado, relacionándoas cos elementos de seguridade da maquinaria e coas medidas de seguridade a empregar, según o mecanizado identificando as posibles fontes de contaminación ambiental.

Escolleuse a maquinaria convencional, en función do mecanizado a realizar, e relacionando a máquina, según a súa función, e relacionándoa co proceso de mecanizado, e dispuxéronse as proteccións correspondentes e utensilios necesarios, para o mecanizado.

Axustouse o parámetro da máquina, a característica do mecanizado, verificando a súa posta a punto, e comprobouse que a primeira peza cumpra as características técnicas requiridas, e mecanizouse de acordo

coas boas prácticas . Comprobase que a calidade do mecanizado se manteña durante o proceso mantívose a zona de traballo limpa e ordenada

Identificouse o sistema de unión, comprobouse a súa adecuación e aplicación según a operación de montaxe de moble, escolleuse a ferramenta e a maquinaria para a súa armadura comprobando o seu correcto funcionamento, axustáronse as pezas sen distorsións no conxunto, efectuando as comprobacións do conxunto.

Aplicouse adhesivo escollendo útiles de aplicación e realizando a posterior limpeza. Operouse con utensilios de prensado procedendo a fixación de pezas utilizando os elementos de aperte, requiridos, comprobando a estrutura e as dimensións de conxunto e realizándolle as oportunas correccións .

Trazouse a secuencia das operacións de montaxe de mobiliario. Situáronse as pezas según posición e orde requirido, seleccionando o espáceo para a montaxe e fixéronse as tarefas en equipo, de selo caso.

Identificouse o mantemento operativo para máquinas portátiles e de bancada, fixéronse as operacións de mantemento requiridas en maquinaria convencional, caviáronse os útiles de corte, mantívose a zona de traballo limpa e ordenada, fixéronse estas tarefas en equipo de selo caso.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS

##### CRITERIOS PRÁCTICOS-TALLER

##### CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

30% da nota serán conceptos tales como: Coñecementos teóricos que o alumno ira acadando a medida que transcorre o curso.

Demostraranse coas preguntas que se lles fagan o longo das sesións do módulo. Así como por exame teórico ou tarefas que sexan requiridas, sobre a teoría da materia impartida.

Afiado das ferramentas. Demostraranse o longo das clases vendo como trata e mantén a ferramenta.

70% da nota mediante procedementos: exercicios prácticos de taller, entregaráselles aos alumnos unha táboa de cualificacións dos diferentes aspectos que se valoran destas prácticas.

Cada exercicio considerase APTO si ten una nota mínima de 5 puntos.

Os exercicios NON APTOS repetiranse ata acadar a nota mínima ( 5 puntos) na seguinte avaliación ou no período de recuperación a finais do ultimo trimestre ( Xuño).

Os alumnos teñen que facer, tódolos exercicios , indicados para cada avaliación, obtendo unha valoración mínima de 5, para superalo módulo.

##### CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

1º EVALUACIÓN.- Faranse os exercicios indicados a principio de curso polo profesor.

Os exercicios serán baremados seguindo os criterios de cualificación.

A NOTA da avaliación sairá de dividir a suma das notas dos exercicios feitos polo alumno, os cales serán indicados ó principio de curso polo profesor.

Os exercicios que non se fixeron ou non son aptos poderanse facer na 2ª avaliación.

2ª EVALUACIÓN.- Faranse os exercicios marcados, máis os que non son aptos da 1ª avaliación.

CASO 1.- So teñen que facer os exercicios marcados para a 2ª avaliación.

Os exercicios non aptos faranse na 3ª avaliación.

CASO 2.- Teñen que facer os exercicios marcados para a 2ª avaliación, mais os non aptos, ou non feitos na 1ª avaliación.

A NOTA sae de dividir a suma de tódalas notas dos exercicios feitos, polo total de exercicios que teñen que facer na 2ª Avaliación

3ª EVALUACIÓN.- Teñen que facer o exercicio marcado polo profesor a principio de curso ( poderíase engadir algún outro proposto polo profesor) máis os exercicios que non se terminaron na 2ª avaliación ou non son aptos.

A NOTA da avaliación calculase como na 1ª ou 2ª avaliación.

O alumno que suspenda poderá recuperar no período indicado para elo no mes de Xuño.

PERÍODO DE RECUPERACIÓN.- O alumno ten que facer, neste período, os exercicios que lle falten por facer ou os que non sexan aptos ( cualificados con menos de 5). Se o final deste período o/os alumno/ os non teñen terminados os exercicios con nota de 5 ou superior, terá o módulo de operacións básicas de moblaxe suspenso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Por tratarse de módulos de avaliación continuada, as actividades de recuperación das destrezas ou coñecementos non acadados realizaranse tamén de forma continuada ata que o alumno acade o mínimo esixible.

As avaliacións non superadas poderán selo na avaliación posterior, e en todo caso na avaliación de final de curso.

A/as proba/as de aptitude que se realizarán para comprobar se o alumno acadou os mínimos esixibles poderán constar de:

-Unha proba teórica dos contidos impartidos durante o curso. (Nota mínima de aprobado será de 5 puntos).Pregunta no contestada o incompleta valerá 0 puntos, ben contestada valerá o cociente de dividir 10 puntos polo nº de preguntas do exame.

-Unha proba práctica que englobe as técnicas básicas de mecanizado e montaxe de carpintería. Só poderá preparar e empregar, un só xogo de pezas.( A nota mínima de aprobado será de 5 puntos). Empregarase o baremo usado durante todo o curso para puntuar os exercicios.

-Unha proba de Debuxo Técnico ( taller).(Nota mínima de aprobado será de 5 puntos).

- O alumno fará a proba de debuxo, a práctica ou a teórica non superada, pero en todo caso deberá superar as tres probas para poder aprobalo módulo.
- O alumno que se presente máis tarde da hora fixada para o inicio da/as proba/as, que non aporte o material (de debuxo) o que non teña as ferramentas (proba práctica) no poderá facela/las proba/as.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumno realizará unha proba de debuxo, unha teórica e unha práctica, que englobarán os mínimos esixibles recollidos no apartado correspondente debendo superalas tres partes ( Teoría, Debuxo Técnico, e Práctica) para conseguir aprobalo módulo.

No poderá facela proba extraordinaria si chega máis tarde da hora sinalada para facela ou non aporta a ferramenta ou material necesario para facela.

As probas de aptitude, que se farán para comprobar se o alumno acadou os mínimos esixibles, poderán constar de:

-Unha proba teórica dos contidos impartidos durante o curso. A nota máxima é de 10 puntos. A nota mínima para aprobar será de 5 puntos. O valor de cada pregunta será o cociente de dividir 10 puntos polo nº de preguntas.

-Unha proba práctica que englobe gran parte dos traballos, feitos o longo do curso. O alumno terá que resolvelo exercicio prosto de forma escrita, e a partindo dos datos proporcionados, facelo debuxo de taller, despieze, nota de materiais, fabricalas plantillas, obter o piecerio( madeira) segun as necesidades requeridas para resolvela proba extraordinaria. Si sé engana nalgún momento non poderá sacar máis pezas e quedará a suspendido. Terá que aportar toda a ferramenta manual. A falta de toda ou parte dela implica que no poderá realizala proba.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS**
**PRÁCTICOS-TALLER**

Cada exercicio práctico ten unha puntuación inicial de 10 puntos, os que se lles ira restando os puntos dos seguintes apartados se non os cumpre:

- 1.- ¿Cumpre as medidas do plano(+ - 1 mm) ..... 1,0 punto.
- 2.- ¿Ten todas as superficies planas? ..... 1,0 punto
- 3.- ¿Está a peza a escuadro, incluídas as testas? ..... 1,0 puntos
- 4.- ¿Ten marcadas as caras mestras? ..... 1,0 punto
- 5.- ¿Gramilou as pezas de forma axeitada? ..... 1,0 punto
- 6.- ¿Aprécianse marcas o manchas de: (gramil, lapis, compás, martelo, serra, banco, graxa, aceite, etc.)? ..... 1,0 punto
- 7.- ¿Usou a/as ferramenta/as de forma axeitada e tendo en conta as medidas de seguridade ó facer o exercicio? ..... 1,0 punto
- 8.- ¿Traballou coa ferramenta afiada o facer o exercicio? ..... 1,0 punto
- 9.- Esta ben feito o debuxo ,ben acotado e o resumen reflexa tódolos pasos que se deron para a elaboración do mesmo? ..... 1,0 punto
- 10.- ¿Os cortes da serra son limpos, chegan a marca do gramil e están axustados ó trazo do lapis (prevalece o trazo)? Esta axustado o/os ensamble/es ( nin demasiado apertado, nin se desmonta só ..... 1,0

punto

Cada exercicio considerase APTO si ten una nota mínima de 5 puntos.

Os exercicios NON APTOS repetiranse ata acadar a nota mínima ( 5 puntos) na seguinte avaliación ou no período de recuperación a finais do ultimo trimestre ( Xuño).

Tódolos alumnos teñen que facer tódolos exercicios e que sexan aptos para superar o módulo.

-Unha proba de debuxo ( documentación gráfica, empregada no taller de madeira. O alumno aportará todo o material de debuxo. Puntuarase tendo en conta o criterio do profesor de debuxo

O alumno fará a proba de debuxo, práctica ou teórica non superada, pero en todo caso deberá superar as tres para poder aprobalo módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de CicloMedio de Carpintería e moble, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema on line da páxina web [www.edu.xunta.es/programacions](http://www.edu.xunta.es/programacions), no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro ano.

Realizarase un seguimento diario das actividades a desenvolver por parte do profesor e alumno, co fin de comprobar que se impartiron todos os contidos destinados a conseguir os obxectivos para os cales foron deseñados.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comezo do curso farase unha proba de coñecementos de cálculo, xeometría e unidades de medida, todos eles coñecementos básicos imprescindibles para poder superar o módulo, coa finalidade de detectar o nivel dos alumnos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Unha vez analizados os resultados da avaliación inicial, o equipo docente terá que facilitarlle ao titor un informe de avaliación inicial de módulo, para que redacte o informe de avaliación inicial de grupo, co fin de convocar ao equipo docente para valorar a información, detectar carencias, e de selo caso, por en marcha, medidas correctoras de reforzo educativo.

O C.I.F.P. proporciona a través do sistema de xestión de calidade; MD85ORI05 ,\_Plan\_xeral\_atención\_diversidade. que porá en marcha de ser necesario o departamento de Orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos ( educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural ) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuizos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e

rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor.

Intentaremos fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista.

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental.

Reflexionarase sobre problemas medioambientais, relacionados cos usos de materiais e produtos contaminantes e contemplando posibles solucións.

Educación vial.

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias, aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espáceo ou recursos que utilizan, diferenciadas das actividades extraescolares, aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo.

A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades visitas a empresas relacionadas co sector da madeira e se coincidise con algunha feira do sector, tamén se podería intentar asistir a ela. Neste curso escolar realizarase unha visita técnica a unha empresa do sector, dependendo das que está funcionando no segundo trimestre, xa que por motivos da crise, é difícil especificar unha ó inicio do curso.

**10. Outros apartados****10.1) Cuestionario de avaliación inicial**

Nas primeiras semanas do curso facilitaráselle ao alumno un breve exame relacionado cos contidos xerais do módulo, par ter unha valoración do nivel do alumnado matriculado, e así saber de que punto partir na explicación dos contidos e adoitar as medidas preventivas necesarias.